

ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA DO PROGRAMA

O programa educativo está dividido en tres actividades principais:

1º) VISITA AO CENTRO:

Previamente á visita ás illas, os/as guías do Parque realizarán nas aulas unha actividade na que se tratarán os seguintes aspectos:

- **Achegamento aos valores naturais e culturais do Parque:** presentación en Power-point sobre os principais valores do espazo protexido coma os fondos mariños, dunas e praias, matogueiras e cantís, a través de curiosidades das plantas e animais que neles viven.
- **Xogo "cada cousa no seu sitio"** Actividade lúdica onde os/as alumnos/as identificarán algunhas especies de flora e fauna e as situarán nos distintos ecosistemas do Parque.
- **Xogo de mímica:** os/as alumnos/as representarán as normas para a visita ás illas.
- **Explicación das recomendacións para a visita ao Parque.**
- **Presentación da convocatoria do concurso.** O concurso é a parte final do programa e serviranos coma avaliación do traballo e da adquisición de conceptos e sensibilización polos rapaces.

Duración da sesión na aula: unha sesión dunha hora e media aproximadamente.

2º) VISITA ÁS ILLAS:

Realizarase un itinerario por unha das illas do Parque Nacional segundo a dispoñibilidade de horarios e barcos. Nel, os participantes poderán observar por si mesmos o previamente tratado na aula. As/os guías actuarán de intermediarios entre os alumnos e o medio natural, provocando a súa curiosidade.

Duración da visita á illa: Todo o día. Pola mañá, ao desembarcar nas illas comeza a actividade a cargo dos guías do Parque, farase unha ruta interactiva de aproximadamente 1 hora e 30 minutos. Ao terminar esta, déixase tempo libre para xantar e para o goce da illa ata a hora de embarque (aprox. 17:30), e os rapaces quedan a cargo dos responsables do colexio. Para o percorrido faranse grupos de 20-22 rapaces máximo e cada grupo deberá estar apoiado por alomenos un responsable do centro.

3º) CONCURSO/TRABALLO FINAL:

Ao rematar as actividades, o Parque Nacional propón á realización dun traballo/concurso entre todos os colexios participantes. Esta última actividade é para nós un xeito de avaliar a adquisición e comprensión de conceptos polo alumnado, e de que eles reforcen o aprendido nas anteriores actividades.

MATERIAL QUE ENTREGA O PARQUE AOS CENTROS PARTICIPANTES:

O equipo de guías elaborou un **caderno de actividades** que se lle entrega aos centros participantes, e que pretende servir coma fonte de recursos didácticos para traballar no colexio diversos aspectos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Ten unha primeira parte de información para os docentes sobre a situación dos arquipélagos e os valores do Parque. A segunda parte consta de fichas de actividades de afianzamento de conceptos para os alumnos.

Ademais, na nosa visita ó centro educativo, faráselles entrega aos participantes dun caderno de campo e un lápiz para usar na posterior visita á illa.

PARA MELLORAR O PROGRAMA:

A avaliación das actividades por parte do profesorado é moi importante para nós. Co obxectivo de mellorar tanto na organización coma na metodoloxía do programa, deseñouse unha **enquisa avaliativa** dirixida a aqueles docentes que participen no programa, as cales se entregarán ao rematar cada unha das actividades.

Por outra banda, os resultados do concurso ou traballo final sirvennos para avaliar a actividade de xeito máis global, xa que para o seu execución son importantes tódolos aspectos tratados no desenvolvemento das actividades programadas.

Gustaríanos que durante as diferentes actividades teñades en conta os aspectos deste programa, que pensedes en que se podería mellorar, así como aqueles outras metodoloxías ou conceptos que consideredes que son apropiados incluír.

CUSTES:

Correrán a cargo do Parque os gastos do material entregado ao centro educativo e aos rapaces participantes, o servizo de guías aos centros e ás illas e o desprazamento en barco dos participantes dende os peiraos ata as illas do parque. Os centros educativos faranse cargo do traslado dos rapaces ata o peirao de embarque cara ás illas.